

PROBAS SELECTIVAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL DA CATEGORÍA DE MONITOR/A DEPORTIVO/A AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ACTA 5 DE REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA, CUALIFICACIÓN E PROPOSTA DO TRIBUNAL

Na Sala de Xuntas da Deputación Prvncial de Ourense, ás 15:30 horas do día 09 de agosto de 2022, procédese á constitución do tribunal que xulgará o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de contratación de persoal laboral da categoría de monitor/a deportivo/a ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, segundo bases aprobadas por Resolución da Presidencia do 16 de marzo de 2022 e publicadas no BOP do día 22 de marzo de 2022.

Estando presentes os membros do tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quorum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: dona M.^a de los Ángeles Cantón Álvarez


Vogais: don Alberto González Cruz, dona Julia Feijóo Álvarez (1.^a suplente do 2.^o vogal), don Víctor Hugo Alonso Álvarez e don José Antonio Fernández Álvarez

Secretario: don Esteban Fernández Álvarez



De seguido os membros do tribunal proceden á elaboración da proba práctica que consiste en 3 supostos prácticos relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desempeñar así como no temario previsto nas bases reguladoras do procedemento.

O suposto n.º 1 consistirá na realización dun bloque de step ou de aeróbic, o suposto n.º 2 na realización dun bloque de boxing cun conxunto de golpes predeterminados e o suposto n.º 3 solicita a realización dun conxunto de exercicios musculares (mínimo 4) cunha banda elástica.


A puntuación máxima que se lle pode outorgar á proba práctica será de 30 puntos (Equivalente ao 60% do valor máximo alcanzable no proceso selectivo nesta fase do procedemento). A puntuación necesaria para superar a fase de oposición será a metade da máxima establecida, 15 puntos.




Establécese un valor máximo de 10 puntos para cada un dos supostos prácticos realizados, valorándose do seguinte xeito individual: suposto n.º 1: creatividade (3 puntos), progresión (4 puntos) e execución (3 puntos); suposto n.º 2: coñecemento de golpes (5 puntos) e execución (5 puntos); suposto n.º 3: variedade de exercicios (5 puntos) e execución (5 puntos), establecéndose así os criterios para a corrección e determínase un tempo para a realización de cada un dos exercicios de 5 minutos, realizándose así dentro do tempo máximo establecido nas bases reguladoras do procedemento.



Ás 16:30 hs, no Pazo dos Deportes “Paco Paz”, lugar da convocatoria da proba práctica, procédese ao chamamento único das persoas aspirantes admitidas definitivamente neste proceso selectivo, comparecendo para a realización do exercicio os seguintes:




Orde	NIF	APELIDOS E NOME
2	44**9*5*	GOMEZ GARCIA, EVA
4	44**1**5	PINTOS PEREZ, IRENE
6	*18**18*	SANCHEZ ANTON, EVA MARIA



Unha vez fnalizada a proba os membros do tribunal acordan proceder á puntuación da proba práctica. obténdose as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	Suposto 1	Suposto 2	Suposto 3	Total	Resultado
GOMEZ GARCIA, EVA	8	8	10	26	APTA
PINTOS PEREZ, IRENE	3	2	7	12	NON APTA
SANCHEZ ANTON, EVA MARIA	10	9	10	29	APTA



O resultado final das puntuacións obtidas polas persoas candidatas que superaron o proceso é o seguinte:

APELIDOS E NOME	FASE DE CONCURSO (Ptos)	FASE DE OPOSICIÓN (Ptos)	TOTAL PUNTUACIÓN
GOMEZ GARCIA, EVA	13,25	26	39,25
SANCHEZ ANTON, EVA MARIA	13	29	42

Con isto proponse, como integrantes da bolsa de contratación de persoal laboral da categoría de monitor/a deportivo/a ao servizo da Deputación Provincial de Ourense ás seguintes persoas, por orden de puntuación:

ORDEN	APELIDOS E NOME
1.º	SANCHEZ ANTON, EVA MARIA
2.º	GOMEZ GARCIA, EVA

Os/as interesados/as dispoñen dun prazo de dez días, seguintes á publicación desta acta na páxina web e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para os efectos de reclamacións.

E ás 17:30 horas, dáse por finalizado o acto, asinando os que interveñen. Dou fe.

